



### I CONCURSO DE MARCAPÁXINAS

O Concello do Pereiro de Aguiar, a través da Área de Cultura convoca o **"I CONCURSO DE MARCAPÁXINAS"**, para celebrar o Día do Libro o próximo 23 de abril.

- 1. Participantes:** Nenos e nenas de entre 3 e 15 anos.

Estableceranse dúas categorías:

- Entre 3 e 9 anos.
- Entre 10 e 15 anos.

A participación no concurso implica a aceptación das bases.

- 2. Formato:** O marcapáxinas a presentar deberá ter unhas medidas de 5x20cm e só se realizará o deseño por unha das caras deste.

- 3. Presentación:** A presentación dos marcapáxinas farase preferiblemente a través de medios electrónicos, enviando o arquivo ao enderezo electrónico [cultura@concellopereiro.com](mailto:cultura@concellopereiro.com), ou de xeito presencial na Biblioteca do Pereiro de Aguiar.

No caso de enviarse a través de medios electrónicos, no asunto debe aparecer *"Concurso de marcapáxinas"* e deberá conter o adxunto do deseño e outro documento cos datos do participante, nome e apelidos, idade, número de teléfono e enderezo electrónico.

- 4. Prazo de presentación:** O prazo comeza no momento de publicación das bases, e remata o 23 de abril.

- 5. Dereitos de propiedade.** Cada participante cede tódolos dereitos en relación co traballo realizado e presentado ao Concello do Pereiro de Aguiar. Do mesmo xeito cédense os dereitos de manipulación, edición, exposición e reprodución das imaxes.

- 6. Selección dos marcapáxinas gañadores:** Á hora de valorar, os membros do xurado terán en conta a orixinalidade, a imaxinación, a estética do marcapáxinas, a técnica e a variedade de materiais empregados así como o resultado final.

- 7. Xurado e fallo:** O xurado será elixido polo Concello, e o fallo emitirase o día 26 de abril. Os gañadores do concurso comunicaranse mediante vía telefónica aos interesados e a través da web e das redes oficiais do Concello.

O xurado escollerá 12 marcapáxinas gañadores en total, 6 por categoría.

- 8. Premios:** Os traballos gañadores serán impresos e repartidos nos colexios e tamén estarán dispoñibles para todos os usuarios da Biblioteca Pública do Pereiro de Aguiar.





## CONCELLO O PEREIRO DE AGUIAR

Aqueles marcapáxinas que non resulten gañadores publicaranse na páxina web do Concello para que poidan ser descargados.

Tódolos participantes recibiran ademais un diploma.

- 9. Máis información:** Calquera información ou aclaración, no enderezo electrónico [cultura@concellopereiro.com](mailto:cultura@concellopereiro.com) ou no teléfono 988 259 839.

No Pereiro de Aguiar, na data da sinatura electrónica.

O alcalde.

Luís Menor Pérez

